

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

- 431** *Real decreto 2/2018, do 12 de xaneiro, polo que se ditan determinadas normas de desenvolvemento do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional.*

O Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional, artículase sobre tres eixes. En primeiro lugar, establece a obriga de ceder as facultades de comercialización conxunta dos dereitos audiovisuais de retransmisión á Liga Nacional de Fútbol Profesional e á Real Federación Española de Fútbol. En segundo lugar, deséñase un sistema de repartición dos ingresos con criterios correctores que limitan as diferenzas entre os participantes. Por último, cada entidade asume as contribucións obrigatorias ao Fondo de Compensación, para as políticas de promoción da competición profesional e do fútbol afeccionado e para as políticas do Consello Superior de Deportes en apoio da Primeira División do Fútbol Feminino, da Segunda División B do Campionato Nacional Masculino e das asociacións de futbolistas, árbitros, adestradores e preparadores físicos.

En desenvolvemento do previsto no Real decreto lei 5/2015, este real decreto ten fundamentalmente por obxecto regular as contribucións das entidades participantes no Campionato Nacional de Liga á promoción do deporte e ao desenvolvemento do fútbol afeccionado.

Regúlase a contribución á promoción do deporte dos clubs e entidades afiliadas á Liga mediante a achega dunha porcentaxe dos ingresos derivados da explotación dos dereitos audiovisuais. Fíxase nun 3,5 por cento a contribución ao Fondo de Compensación e destínase un 90 por cento del aos clubs que descendan de Primeira a Segunda e o resto aos que descendan de Segunda División. Regúlase a contribución ao desenvolvemento do fútbol afeccionado, obrigando a destinar o 1 por cento dos ingresos procedentes da comercialización de dereitos audiovisuais, que se repartirá entre as federacións autonómicas. Estas deberán destinar, pola súa vez, estas cantidades ao desenvolvemento da práctica do fútbol afeccionado e a sufragar os gastos de expedición de licenzas de persoas con dificultades económicas.

Tamén se prevé unha achega de ata un 1 por cento ao Consello Superior de Deportes -que deberá destinarse á protección social dos deportistas de alto nivel e a financiar axudas a deportistas que participen en competicións internacionais- e outra achega ao Consello Superior de Deportes dun 0,5 por cento para a protección social no fútbol feminino e na Segunda División B, así como para financiar o asociacionismo no fútbol.

Así mesmo, regúlanse os aspectos básicos da función arbitral do Consello Superior de Deportes en relación cos artigos 5 e 6 do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril.

O presente real decreto dítase en virtude da habilitación expresa ao Goberno contida na disposición derradeira terceira do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril. Esta disposición axústase aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, isto é, os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. En efecto, a presente disposición é o instrumento adecuado para que o Goberno cumpra coa obriga de desenvolver regulamentariamente certas previsións contidas no citado Real decreto lei 5/2015, ben porque esa regulación resulta dunha remisión expresa á norma regulamentaria ou ben porque resulta conveniente desenvolver certos aspectos contidos na dita norma con rango de lei que precisan ser clarificados para

ofrecer certa seguridade xurídica aos diversos colectivos a que podería resultar de aplicación esta norma.

Na tramitación do proxecto de real decreto levouse a cabo un trámite de información pública en liña e deuse audiencia ás entidades representativas dos sectores afectados (Real Federación Española de Fútbol, federacións autonómicas de fútbol, Liga Nacional de Fútbol Profesional, clubs de fútbol e asociacións representativas de intereses dos distintos afectados). Ademais, solicitáronse informes aos ministerios de Economía, Industria e Competitividade; de Facenda e Función Pública; de Emprego e Seguridade Social e de Xustiza; á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, así como o preceptivo ditame do Consello de Estado.

O proxecto está incluído no Plan anual normativo de 2018 conforme o previsto no artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, na redacción dada pola disposición derradeira terceira da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e no Real decreto 286/2017, do 24 de marzo, polo que se regulan o Plan anual normativo e o Informe anual de avaliación normativa da Administración xeral do Estado e se crea a Xunta de Planificación e Avaliación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xaneiro de 2018,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é desenvolver as previsións contidas no Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional, relativas ás seguintes materias:

- a) As contribucións das entidades participantes no Campionato Nacional de Liga á promoción do deporte e, en particular, ao desenvolvemento do fútbol afeccionado, previstas nas letras a), c), d) e e) do artigo 6.1 do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril.
- b) As especialidades da función arbitral do Consello Superior de Deportes en relación coas materias previstas nos artigos 5 e 6 do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril.

## CAPÍTULO II

### Contribucións dos clubs e entidades afiliadas á Liga de Fútbol Profesional á promoción do deporte

#### Artigo 2. *Contribucións dos clubs e entidades afiliadas á Liga Nacional de Fútbol Profesional.*

1. Os clubs e entidades participantes no Campionato Nacional de Liga, en calquera das súas categorías, deberán achegar unha porcentaxe dos ingresos que obteñan por comercialización conxunta dos dereitos de explotación dos contidos audiovisuais para contribuír aos seguintes fins:

- a) A sustentabilidade financeira daquelas entidades deportivas que descendan de categoría.
- b) O desenvolvemento do fútbol afeccionado.
- c) A protección social dos deportistas de alto nivel.

d) A promoción da participación de deportistas españois en competicións internacionais.

e) A protección social dos deportistas no ámbito do fútbol afeccionado.

f) O apoio ás asociacións ou sindicatos de futbolistas, árbitros, adestradores e preparadores físicos na modalidade deportiva de fútbol.

2. O cumprimento destas obrigas realizarase de conformidade co previsto no artigo 6 do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, nas disposicións deste capítulo e, se for o caso, nas normas estatutarias que aproben os órganos de goberno das entidades competentes.

3. De conformidade co disposto polo artigo 6.2 do Real decreto lei 5/2015, o importe das achegas que deben realizar os clubs destinarase, con carácter preferente e sobre os ingresos totais ou brutos, ao pagamento das débedas líquidas, vencidas e exixibles contraídas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A Liga Nacional de Fútbol Profesional practicará as retencións oportunas para poder atender o pagamento destas obrigas preferentes por conta do club debedor, que seguirá obrigado a satisfacer todas as cantidades que lle corresponda aboar en cumprimento do establecido no artigo 6.1 do citado Real decreto lei 5/2015.

Cando un club ou entidade participante en competición de fútbol profesional deba atender o pagamento preferente de débedas líquidas, vencidas e exixibles contraídas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e non poida satisfacer todas as contribucións que debe satisfacer para cumprir coas obrigas establecidas no artigo 6.1 do Real decreto lei 5/2015, o club ou entidade en cuestión seguirá obrigado a satisfacer todas as cantidades que deba ter aboado en cumprimento do previsto no citado artigo.

A liquidación das cantidades que corresponda percibir a cada club ou entidade realizarase ao final da temporada deportiva e, en todo caso, antes da conclusión do ano natural en que se inicie a seguinte temporada deportiva. O resultado da liquidación aplicada tomarase como referencia para calcular as cantidades que debe achegar cada club para cumprir coas obrigas establecidas no artigo 6.1 do Real decreto lei 5/2015 e calcularase deducindo os gastos de comercialización e explotación.

4. A Liga Nacional de Fútbol Profesional realizará pagamentos á conta das cantidades que os clubs deban achegar á Real Federación Española de Fútbol e ao Consello Superior de Deportes en cumprimento das obrigas establecidas polo artigo 6.1, letras c), d) e e), do Real decreto lei 5/2015, e regularizaranse as cantidades definitivas cando se coñeza a liquidación definitiva das cantidades correspondentes a cada club. Para tal fin, antes do día 15 de xaneiro de cada ano, a Liga de Fútbol Profesional informará o Consello Superior de Deportes das datas de pagamento pactadas cos operadores e cos clubs e entidades deportivas pola comercialización dos contidos audiovisuais correspondentes a ese ano.

5. No seo do Consello Superior de Deportes constituirase unha comisión de seguimento, cuxo funcionamento será atendido cos recursos persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao citado organismo, e á cal lle corresponderá exercer as seguintes funcións:

a) Supervisar os investimentos ou gastos realizados polas persoas ou entidades beneficiarias dos fondos achegados polos clubs;

b) Velar polo cumprimento das obrigas previstas no presente real decreto, particularmente polo cumprimento da obriga de atender o pagamento preferente das débedas tributarias e da Seguridade Social;

c) Avaliar a eficacia das actuacións realizadas no marco do disposto polo Real decreto lei 5/2015 e polo presente real decreto;

d) Realizar unha memoria anual das actuacións realizadas en cumprimento do previsto no presente real decreto e elevar propostas de mellora aos órganos competentes.

A comisión de seguimento estará formada por oito membros, dos cales tres nomearaos o Consello Superior de Deportes, dous a Liga Nacional de Fútbol Profesional, e os tres restantes designaranos a Real Federación Española de Fútbol, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social. A presidencia da comisión será exercida por un dos tres membros nomeados polo Consello Superior de Deportes, que designará, igualmente, o secretario da comisión, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Compensacións económicas por descenso de categoría*

##### *Artigo 3. Fondo de compensación.*

1. De conformidade coa letra a) do artigo 6.1 do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, cada un dos clubs e entidades participantes no Campionato Nacional de Liga, en calquera das súas categorías, deberá destinar un 3,5 por 100 dos ingresos que obteñan por comercialización conxunta dos dereitos de explotación dos contidos audiovisuais á constitución dun fondo de compensación do cal se poderán beneficiar as entidades deportivas que, disputando a competición de fútbol profesional, descendan de categoría.

2. Corresponderá á Liga Nacional de Fútbol Profesional determinar o prazo en que os clubs deberán cumprir coa dita obriga, así como a xestión do Fondo de Compensación e a concreción do proceso de determinación do importe que corresponda satisfacer a cada club ou entidade que teña dereito a percibir estas compensacións.

3. A distribución das cantidades entre as entidades deportivas que descendan de categoría realizarase de acordo coas normas, os criterios e o procedemento que aprobe a Asemblea Xeral da Liga Nacional de Fútbol Profesional, e deberán incorporarse aos estatutos ou regulamentos da dita entidade que aprobará definitivamente o Consello Superior de Deportes en cumprimento do establecido no artigo 10 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

As normas reguladoras da xestión e administración do fondo deberán garantir que o 90 por 100 da dotación se destine aos equipos que descendan de Primeira a Segunda División A, e o 10 por 100 se destine aos equipos que descendan de Segunda División e, por esta causa, abandonen a competición profesional.

4. O dereito a percibir estas cantidades corresponde aos clubs que descendan por causas deportivas e non se poderá obter compensación cando un club/SAD sexa excluído da competición polo incumprimento de requisitos de carácter económico, social ou de infraestruturas, ou por non atender o pagamento das débedas contraídas con xogadores ou técnicos.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Contribución solidaria ao desenvolvemento do fútbol afeccionado*

##### *Artigo 4. Alcance da obriga.*

1. De conformidade coa letra c) do artigo 6.1 do Real decreto lei 5/2015, cada un dos clubs e entidades participantes no Campionato Nacional de Liga, en calquera das súas categorías, deberá entregar á Real Federación Española de Fútbol un 1 por 100 dos ingresos que obteña por comercialización conxunta dos dereitos de explotación dos contidos audiovisuais, importe que poderá ser incrementado se así se establece no convenio de coordinación suscrito entre a Federación e a Liga Profesional no marco do disposto polo artigo 28 do Real decreto 1835/1991, do 20 de decembro, sobre federacións deportivas españolas e Rexistro de Asociacións Deportivas. A Liga Nacional de Fútbol Profesional efectuará a dita entrega á Real Federación Española de Fútbol por conta dos referidos clubs e entidades deportivas.

2. Estas cantidades deberán ser entregadas á Real Federación Española de Fútbol antes da conclusión do ano natural en que os clubs ou entidades participantes reciban os ingresos correspondentes a cada temporada. A Liga Nacional de Fútbol Profesional realizará pagamentos á conta das cantidades que corresponda percibir á Real Federación

Española de Fútbol con base no artigo 6.1. c) do Real decreto lei 5/2015 e regularizaranse as cantidades definitivas cando se coñeza a liquidación definitiva das cantidades correspondentes a cada club.

Artigo 5. *Criterios de repartición entre as federacións autonómicas.*

1. As cantidades que corresponda percibir á Real Federación Española de Fútbol como contribución solidaria ao desenvolvemento do fútbol afeccionado deberán distribuírse integramente entre as federacións de ámbito autonómico de acordo cos seguintes criterios:

a) Un 60 por 100 da contía total repartirase entre as federacións de ámbito autonómico, en proporción ao número de licenzas federativas expedidas por cada unha delas. Para os efectos deste cómputo, aplicarase un coeficiente de 1,5 ás licenzas outorgadas a deportistas femininas, a cadetes e a categorías inferiores.

b) Un 30 por 100 da contía total repartirase entre as federacións de ámbito autonómico aplicando un coeficiente que se obterá dividindo o número total de licenzas expedidas por cada unha delas entre a poboación total residente en cada comunidade ou cidade autónoma.

c) Un 10 por 100 da contía total distribuirase entre as federacións de ámbito autonómico aplicando un coeficiente que se obterá dividindo a extensión xeográfica de cada comunidade ou cidade autónoma entre o número total de licenzas expedidas por cada unha delas.

2. A Real Federación Española de Fútbol publicará anualmente a través da súa páxina web a normativa reguladora da repartición destas axudas, que deberá ser remitida antes da súa aprobación ao Consello Superior de Deportes e que incorporará os criterios de repartición establecidos no presente artigo e deberá incluír un procedemento que permita garantir o control do gasto realizado.

Así mesmo, a Real Federación Española de Fútbol deberá difundir a través da súa páxina web a desagregación das cantidades aboadas e a información que permita verificar a aplicación dos criterios de repartición. Do mesmo modo, as federacións de ámbito autonómico publicarán anualmente nas súas páxinas web o destino das cantidades que reciban.

Con carácter anual, a Real Federación Española de Fútbol presentará á comisión de seguimento regulada no artigo 2 un informe de avaliación das actuacións realizadas para cumprir cos fins previstos no artigo 6 do presente real decreto. A dita avaliación deberá incluír unha análise de alternativas de actuación, un estudo de eficacia nos custos, así como proporcionar información e datos acerca dos fins e obxectivos estratéxicos de actuación, os mecanismos e indicadores de seguimento, os principios de boa xestión financeira aplicados e o procedemento aprobado para garantir a transparencia e concorrencia na repartición de fondos.

Artigo 6. *Destino dos ingresos.*

As federacións de ámbito autonómico deberán destinar as cantidades que reciban a programas de fomento ou promoción do fútbol afeccionado que persigan, ao menos, algunha das seguintes finalidades:

a) Apoiar a participación en competicións oficiais de ámbito estatal, autonómico ou territorial de fútbol e de fútbol sala de equipos adscritos a clubs non profesionais ou que non sexan dependentes ou filiais dos participantes en competicións oficiais de carácter profesional;

b) Promover o desenvolvemento e implantación do fútbol feminino;

c) Organizar cursos de formación de árbitros;

d) Desenvolver actividades de apoio ás seleccións autonómicas;

e) Contribuír ao financiamento dos custos de expedición das licenzas federativas daquelas persoas cuxos ingresos familiares non superen en 2 veces o indicador público de

renda de efectos múltiples (Iprem), e das licenzas federativas dos menores de idade cuxos pais ou titores se encontren en situación legal de desemprego, sempre que os clubs directamente afectados presenten a documentación xustificativa de tal eventualidade no momento da tramitación da licenza;

f) Promover o desenvolvemento e implantación do fútbol afeccionado no territorio de cada federación de ámbito autonómico;

g) Promover o respecto e os valores no fútbol afeccionado, desenvolver actividades para garantir a integridade das competicións deportivas e impulsar medidas de prevención da violencia no deporte.

h) Mellorar e reforzar os servizos e atención sanitaria nos estadios correspondentes.

Non se incluírán os equipos dependentes ou filiais daqueles inscritos na Liga Nacional de Fútbol Profesional na distribución que realicen as federacións de ámbito autonómico das cantidades que destinen ás finalidades anteriormente descritas.

Para percibir as citadas axudas será necesaria a presentación previa por parte dos beneficiarios dos correspondentes certificados de estar ao día das súas obrigas tributarias con Facenda e a Seguridade Social. Así mesmo, as federacións de ámbito autonómico deberán achegar á Real Federación Española de Fútbol un informe ou memoria sobre os programas desenvolvidos e os gastos realizados, que inclúa a información económico-financeira que permita o seguimento e control do diñeiro percibido. A Real Federación Española de Fútbol remitirá ao Consello Superior de Deportes e á Liga Nacional de Fútbol Profesional copia dos informes ou memorias sobre os programas desenvolvidos e os gastos realizados polas federacións autonómicas.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Contribución á protección social dos deportistas de alto nivel e á participación de deportistas en competicións internacionais*

#### *Artigo 7. Alcance da obriga.*

1. De conformidade coa letra d) do artigo 6.1 do Real decreto lei 5/2015, cada un dos clubs e entidades participantes no Campionato Nacional de Liga, en calquera das súas categorías, deberá entregar ao Consello Superior de Deportes ata un 1 por 100 dos ingresos que obteña por comercialización conxunta dos dereitos de explotación dos contidos audiovisuais. A Liga Nacional de Fútbol Profesional efectuará a dita entrega ao Consello Superior de Deportes por conta dos referidos clubs e entidades deportivas.

2. A determinación da cantidade que deban os clubs calcularase a partir da estimación dos custos necesarios para atender a finalidade prevista na letra d) do artigo 6.1 do Real decreto lei 5/2015. Esta estimación determinarase anualmente mediante resolución do presidente do Consello Superior de Deportes, que poderá solicitar os informes que sexan precisos, en particular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, das federacións deportivas españolas das cales formen parte deportistas que participen en competicións deportivas internacionais e da Liga Nacional de Fútbol Profesional, para sustentar debidamente a estimación realizada. A citada resolución determinará o importe ou a porcentaxe que debe ser destinado tanto a sufragar os custos da Seguridade Social dos deportistas de alto nivel como a financiar as axudas a deportistas que participen en competicións internacionais e garantirá que se destine a esta última liña de axudas, regulada no artigo 10 do presente real decreto, unha porcentaxe que non poderá ser inferior ao 30 por cento da cantidade total que deban achegar os clubs ou entidades que participan na competición de fútbol profesional.

Para concretar a porcentaxe aplicable a cada unha destas finalidades teranse en consideración os seguintes criterios:

a) O número total de deportistas de alto nivel que poden acollerse ao sistema de axudas previsto no artigo 8;

b) O importe estimado do custo anual necesario para sufragar o custo dos sistemas de protección social dos deportistas de alto nivel;

c) A contía anual das cantidades destinadas a bolsas e axudas por resultados deportivos recollidas nos programas deportivos internacionais do Consello Superior de Deportes, do Comité Olímpico ou Paralímpico e das federacións deportivas españolas;

d) Os gastos inherentes ás concentracións e actividades de preparación de deportistas en competicións internacionais;

e) Os custos relativos á adquisición de equipamento e material deportivo para a participación en competicións deportivas internacionais.

3. A entrega ao Consello Superior de Deportes das cantidades calculadas ou determinadas de acordo co indicado no presente artigo deberá realizarse antes da conclusión do ano natural en que os clubs e entidades deportivas obrigados a isto reciban os ingresos procedentes da comercialización dos contidos audiovisuais correspondentes a cada temporada. A Liga Nacional de Fútbol Profesional realizará pagamentos á conta das cantidades que corresponda percibir ao Consello Superior de Deportes con base no artigo 6.1. d) do Real decreto lei 5/2015, e regularizaranse as cantidades definitivas cando se coñeza a liquidación definitiva das cantidades correspondentes a cada club.

#### Artigo 8. *Axudas a deportistas de alto nivel.*

1. O Consello Superior de Deportes destinará estas cantidades a financiar os custos dos sistemas públicos de protección dos deportistas de alto nivel, na medida en que o permitan as disponibilidades orzamentarias para atender estes gastos.

2. Estas axudas destinaranse a financiar o pagamento das cotas de Seguridade Social dos deportistas de alto nivel que, pola súa actividade como tales, se encontren de alta no sistema da Seguridade Social, ben sexa no réxime xeral, como consecuencia dunha relación laboral regulada por Real decreto 1006/1985, do 26 de xuño, polo que se regula a relación laboral especial dos deportistas profesionais, ben sexa no réxime especial de traballadores autónomos como consecuencia do traballo que desenvolvan por conta propia ou por ter asinado un convenio especial para deportistas de alto nivel.

3. Poderán desfrutar destas axudas os que teñan a condición de deportista de alto nivel, de conformidade co disposto no Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento. Así mesmo, precisarase acreditar que a práctica deportiva de alto nivel do deportista constituía a súa actividade principal no momento en que se obtiveron os resultados deportivos que determinan o recoñecemento da condición de deportista de alto nivel.

4. Non poderán acceder ás axudas recollidas nesta sección os deportistas de alto nivel que desenvolven a súa actividade deportiva en equipos adscritos a clubs inscritos na Liga Nacional de Fútbol Profesional, nos seus equipos dependentes ou filiais da especialidade de fútbol.

Tampouco poderán desfrutar destas axudas os deportistas de alto nivel que obteñan ingresos vinculados á súa actividade deportiva que excedan o importe que se estableza na resolución do presidente do Consello Superior de Deportes prevista no número 2 do artigo 7. Para estes efectos, para calcular o límite de ingresos vinculados á actividade deportiva dos deportistas de alto nivel non se computarán as axudas de contido económico axustadas aos programas de preparación establecidos polo Consello Superior de Deportes coas federacións deportivas españolas ou cos comités Olímpico e Paralímpico Español que cumpran coas condicións establecidas no Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de plans e fondos de pensións.

#### Artigo 9. *Obxecto e contía das axudas.*

1. O importe das cantidades destinadas ao financiamento dos sistemas de protección social dos deportistas de alto nivel terá por obxecto:

a) Sufragar a totalidade ou unha parte da cota do réxime xeral da Seguridade Social que corresponda aboar ao traballador como consecuencia dunha relación laboral regulada polo Real decreto 1006/1985, se o beneficiario é traballador por conta allea.

b) Sufragar a totalidade ou unha parte da cota que deban aboar os traballadores por conta propia ou autónomos, se o beneficiario pertence ao réxime especial de traballadores autónomos, tanto por estar de alta neste réxime ou por ter subscrito un convenio especial, nos termos previstos na Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no Sistema da Seguridade Social.

2. Na resolución do presidente do Consello Superior de Deportes prevista no número 2 do artigo 7 do presente real decreto fixarase un tope máximo para as axudas previstas nas letras anteriores, e concretaranse as obrigas formais que deban cumprir os perceptores destas axudas.

3. As disposicións de desenvolvemento do presente real decreto establecerán o procedemento que deberán seguir o Consello Superior de Deportes e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social para a xestión e tramitación destas axudas.

#### Artigo 10. *Axudas a deportistas que participen en competicións internacionais.*

O Consello Superior de Deportes establecerá un programa de axudas a deportistas que participen en competicións internacionais que se financiará con cargo ás cantidades que corresponda percibir a este organismo con base no disposto na letra d) do artigo 6.1 do Real decreto lei 5/2015.

#### *Sección 4.ª Contribución á protección social no fútbol feminino e afeccionado, e fomento do movemento asociativo*

#### Artigo 11. *Alcance da obriga.*

1. De conformidade co previsto na letra e) do artigo 6.1 do Real decreto lei 5/2015, as entidades e clubs deportivos participantes no Campionato Nacional de Liga, en calquera das súas categorías, deberán entregar ao Consello Superior de Deportes ata un 0,5 por 100 dos ingresos por comercialización conxunta dos dereitos de explotación dos contidos audiovisuais. A Liga Nacional de Fútbol Profesional efectuará a dita entrega ao Consello Superior de Deportes por conta dos referidos clubs e entidades deportivas.

2. A determinación da cantidade debida polos clubs calcularase a partir da estimación dos custos necesarios para atender as finalidades previstas no artigo 6.1.e) do Real decreto lei 5/2015. Esta estimación determinarase anualmente mediante resolución do presidente do Consello Superior de Deportes e logo do informe emitido polo órgano de control da xestión dos dereitos audiovisuais previsto no artigo 7 do citado Real decreto lei 5/2015. A cuantificación dos custos correspondentes tomará como referencia o número total de potenciais beneficiarios aos cales se poida sufragar o pagamento das cotas empresariais e dos traballadores correspondentes á contratación de deportistas e técnicos, así como o importe estimado dos gastos de cotización que poidan ser asumidos con cargo aos fondos que deben destinarse ao cumprimento desta finalidade.

3. A entrega ao Consello Superior de Deportes das cantidades calculadas ou determinadas de acordo co indicado no presente artigo deberá realizarse antes da conclusión do ano natural en que os clubs e entidades deportivas obrigados a isto reciban os ingresos procedentes da comercialización dos contidos audiovisuais correspondentes a cada temporada. A Liga Nacional de Fútbol Profesional realizará pagamentos á conta das cantidades que corresponda percibir ao Consello Superior de Deportes con base no artigo 6.1 letra e) do Real decreto lei 5/2015, e regularizaranse das cantidades definitivas cando se coñeza a liquidación definitiva das cantidades correspondentes a cada club.

4. Non terán dereito a percibir as axudas previstas na presente sección os clubs ou sociedades anónimas deportivas adscritas á Liga Nacional de Fútbol Profesional que



conten con equipos dependentes ou filiais que participen na Primeira División de Fútbol Feminino ou na Segunda División B do Campionato Nacional de Liga.

5. O Consello Superior de Deportes facilitará á Real Federación Española de Fútbol información relativa ás subvencións que outorgue para o financiamento das actividades previstas na presente sección.

**Artigo 12. Subvencións para o fútbol feminino e para o fútbol afeccionado.**

1. O Consello Superior de Deportes destinará as cantidades que perciba con base no disposto no artigo 6.1, letra e), do Real decreto lei 50/2015 a financiar os custos dos sistemas públicos de protección dos deportistas e técnicos contratados por conta allea polas entidades deportivas que participen na Primeira División de Fútbol Feminino e na Segunda División B do Campionato Nacional de Liga na contía que permitan as dispoñibilidades orzamentarias. Así mesmo, destinarase ao menos un 5 % das cantidades que se van distribuír conforme o establecido polo artigo 6.1. e) do Real decreto lei 5/2015, a conceder axudas a asociacións ou sindicatos de deportistas, técnicos e árbitros.

2. O obxecto destas axudas será financiar o pagamento das cotas empresariais e dos traballadores correspondentes á contratación de deportistas e técnicos, sobre a base do Real decreto 1006/1985, do 26 de xuño, polo que se regula a relación laboral especial dos deportistas profesionais, incluídos no réxime xeral da Seguridade Social.

3. Terán a condición de beneficiarios deste programa as seguintes entidades deportivas:

a) As entidades que participen na Primeira División de Fútbol Feminino, en canto á cota empresarial, e as deportistas e técnicos, en canto á cota do traballador.

b) As entidades que participen na Segunda División B do Campionato Nacional de Liga, en canto á cota empresarial, e os deportistas e técnicos, en canto á cota do traballador.

As solicitudes dos deportistas e técnicos tramitaranse a través das entidades deportivas empregadoras ou, se for o caso, serán tramitadas directamente polos traballadores.

4. Estas subvencións serán convocadas anualmente mediante resolución do presidente do Consello Superior de Deportes. Na correspondente convocatoria anual establecerase o importe máximo anual das axudas que se convoquen para ambas as categorías. As axudas deberá destinarse ao financiamento das cotas empresariais correspondentes á contratación de deportistas e técnicos incluídos no réxime xeral da Seguridade Social, así como aos deportistas e técnicos para financiar o pagamento das cotas do traballador.

5. A contía dispoñible destinarase, en primeiro termo e con carácter preferente, a satisfacer os gastos correspondentes aos participantes na Primeira División de Fútbol Feminino. Unha vez atendidas as obrigas previstas na letra a) do número 3, as cantidades remanentes destinaranse a satisfacer os custos da protección social correspondentes aos deportistas e técnicos que participen na Segunda División B do Campionato Nacional de Liga de Fútbol.

Se a contía dispoñible en cada momento non resulta suficiente para cubrir os custos da protección social correspondentes aos deportistas e técnicos incluídos nalgún dos grupos anteriores, ratearanse as cantidades de maneira proporcional ao número de beneficiarios adscrito no correspondente grupo.

**Artigo 13. Subvencións á promoción do movemento asociativo.**

1. Os créditos non comprometidos na convocatoria do artigo anterior poderán destinarse a conceder subvencións ás asociacións ou sindicatos de deportistas, árbitros, adestradores e preparadores físicos correspondentes ás especialidades adscritas á modalidade deportiva de fútbol.

2. O obxecto destas subvencións será financiar os programas que faciliten a inserción no mercado de traballo dos asociados a estas entidades cando finalice a súa dedicación ao fútbol, así como financiar os seus gastos de funcionamento.

3. Terán a condición de beneficiarios deste programa as asociacións ou sindicatos de futbolistas, árbitros, adestradores e preparadores físicos que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Que se trate de institucións sen ánimo de lucro legalmente constituídas e que os seus fins comporten a realización de actividades directamente relacionadas coa práctica do fútbol ou a promoción dos dereitos sociais dos seus asociados no ámbito do fútbol profesional.

b) Acreditar a afiliación de, ao menos, un 20 por 100 dos deportistas, árbitros, adestradores ou preparadores físicos con licenza federativa que participen en competición de ámbito estatal e en categoría absoluta.

c) Ter implantación territorial en, ao menos, tres comunidades autónomas.

Cando existan varias asociacións ou sindicatos que poidan concorrer ás axudas convocadas, asignaranse as cantidades dispoñibles en función da súa representatividade.

Para acreditar a representatividade das asociacións ou entidades tomarase como referencia o seu ámbito de actuación e as competicións correspondentes a cada especialidade deportiva, computarase de forma diferenciada cada un dos estamentos federativos e distinguirse por razón de xénero para determinar a representación dos colectivos representados.

Para tal fin, a Real Federación Española de Fútbol facilitará anualmente o número de licenzas expedidas por estamentos, categorías, xénero e clase de licenza.

A acreditación da porcentaxe de afiliación e representación por parte das asociacións profesionais ou sindicatos entidades efectuarase nos termos e condicións que prevé a normativa de protección de datos persoais.

## CAPÍTULO III

### **A arbitrase sobre as materias previstas nos artigos 5 e 6 do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril**

Artigo 14. *A función arbitral do Consello Superior de Deportes.*

1. A función arbitral do Consello Superior de Deportes nas materias previstas nos artigos 5 e 6 do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, someterase ao previsto neste capítulo.

2. Resultarán aplicables á arbitrase regulada no presente capítulo as disposicións relativas ao convenio arbitral e os seus efectos que contén o título II da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitrase. Para estes efectos, a subscripción do convenio especial obrigará as partes a cumprir o estipulado e impedirá aos tribunais coñecer das controversias sometidas a arbitrase, nas condicións e termos establecidos pola citada lei.

3. Non poderán someterse á arbitrase regulada no presente capítulo as eventuais controversias que poidan suscitarse en relación coa aplicación dos privilexios e preferencias que se recollen a favor da Facenda pública no Real decreto lei 5/2015 e no presente real decreto.

4. Para os efectos do exercicio da función arbitral regulada no presente capítulo, os seguintes artigos establecen as especialidades relativas ao procedemento de designación dos árbitros, o procedemento arbitral e o laudo arbitral.

Artigo 15. *Procedemento de designación dos árbitros.*

1. Corresponderá ao Consello Superior de Deportes designar os árbitros, en número impar, non inferior a tres nin superior a cinco, concorrerá en todos eles a condición de xurista e designarase de entre eles o presidente. No proceso de selección dos árbitros

constituirá un mérito específico a experiencia, formación ou cualificación no ámbito da comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais.

2. Na selección dos árbitros deberán respectarse os principios de independencia e imparcialidade, así como de honorabilidade e cualificación, e os candidatos propostos polo Consello Superior de Deportes deberán revelar toda circunstancia que poida dar lugar a dúbidas xustificadas sobre a súa imparcialidade e independencia. Serán de aplicación os criterios para o nomeamento dos árbitros recollidos na Lei 60/2003, do 23 de decembro, así como os motivos de abstención e recusación previstos pola lexislación arbitral.

3. O nomeamento dos árbitros efectuarase mediante resolución do presidente do Consello Superior de Deportes e será obxecto de publicación na sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e na páxina web do Consello Superior de Deportes.

#### Artigo 16. *Procedemento arbitral.*

1. O procedemento arbitral rexerese pola Lei 60/2003, do 23 de decembro, coas especialidades previstas neste artigo e no Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril.

2. O procedemento arbitral desenvolverase de conformidade cos principios esenciais de audiencia, contradición e igualdade entre as partes, que poderán actuar por si soas ou valerse de avogado en exercicio.

3. A solicitude de arbitraje poderá presentarse por escrito, por vía electrónica ou por calquera outro medio que permita ter constancia da solicitude e da súa autenticidade, e deberá reunir, ao menos, os seguintes requisitos:

a) Nome e apelidos ou razón social, domicilio, número de identificación fiscal e lugar sinalado para efectos de notificacións.

b) Nome e apelidos ou razón social e domicilio do reclamado, así como, se for coñecido polo reclamante, o domicilio para efectos de notificacións ou, se non dispón de tales datos, calquera outro que permita a identificación completa do reclamado.

c) Breve descrición dos feitos que motivan a controversia, exposición sucinta das pretensións do reclamante, determinando, se for o caso, a súa contía e os fundamentos en que basea a pretensión.

d) Copia do convenio arbitral ou, se for o caso, da norma estatutaria que determine a asunción da arbitraje.

e) Lugar, data e sinatura.

Se é o caso, deberá acreditarse a representación conforme o previsto nas normas reguladoras do procedemento administrativo das administracións públicas.

4. As actuacións arbitrais desenvolveranse na sede do Consello Superior de Deportes, salvo que por resolución motivada del se decida que as actuacións arbitrais teñan lugar en sede diferente.

5. As partes poderán designar un domicilio para efectos de notificacións; entenderase, na súa falta, que o será o domicilio social da entidade ou club ou, se for o caso, o do seu representante.

6. Os árbitros poderán practicar, salvo acordo en contrario das partes, por propia iniciativa ou por instancia de parte, as probas que se xulguen pertinentes e que se axusten a dereito, que resulten necesarias para o maior acerto do laudo arbitral. De igual modo, poderán rexeitar motivadamente a práctica daquelas probas solicitadas polas partes e que sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias.

7. As decisións arbitrais adoptaranse por maioría de votos emitidos e entenderanse validamente adoptadas se na votación concorre, ao menos, unha maioría dos seus membros. Se non houber maioría, a decisión será tomada polo presidente.

8. Con anterioridade a ditar o laudo arbitral e tras a práctica da proba e a súa valoración polas partes, o Consello Superior de Deportes solicitará o informe preceptivo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que deberá emitilo no prazo máximo dun mes desde a recepción da mencionada solicitude.

9. Os gastos e custas que xere a arbitrase serán asumidos polas partes, de acordo co que dispoña o laudo arbitral, así como os gastos que ocasione a xestión e administración do procedemento arbitral. Para estes efectos, os árbitros pronunciaranse no laudo sobre as custas da arbitrase, que incluírán os honorarios e gastos dos árbitros e, se for o caso, os honorarios e gastos dos defensores ou representantes das partes, o custo do servizo prestado pola institución administradora da arbitrase e os demais gastos orixinados no procedemento arbitral.

Artigo 17. *Laudo arbitral.*

1. A arbitrase deberá practicarse no prazo que sexa establecido polas partes, que poderán, así mesmo, acordar a súa prórroga e a extensión da dita prórroga. Na falta de acto, aplicarase o disposto no artigo 37.2 da Lei 60/2003, do 23 de decembro.

2. O laudo arbitral deberá resolver en dereito todas as cuestións que formulasen as partes, en relación coas discrepancias relativas á comercialización ou explotación dos dereitos audiovisuais.

3. O laudo arbitral será sempre motivado e deberá ditarse por escrito.

4. O laudo arbitral deberá incluír o seguinte contido mínimo:

a) Identificación e circunstancias persoais dos árbitros e das partes.

b) Lugar onde se dita.

c) Cuestión sometida a arbitrase.

d) Relación, se for o caso, das probas que se practicasen.

e) Alegacións das partes.

f) Decisión arbitral.

g) Data en que se dita.

h) Acordo sobre a distribución das custas da arbitrase entre as partes intervinientes e sobre o aboamento dos gastos de xestión e administración do procedemento arbitral.

Disposición adicional única. *Dereito supletorio.*

No non previsto neste real decreto será de aplicación ás súas previsións relativas ás axudas e subvencións concedidas polo Consello Superior de Deportes a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e as demais normas vixentes que resulten de aplicación, en especial a Orde ECD/2681/2012, do 12 de decembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións e axudas polo Consello Superior de Deportes.

Disposición transitoria única. *Achegas á Real Federación Española de Fútbol e ao Consello Superior de Deportes polos ingresos das temporadas 2016-2017 e 2017-2018.*

1. No mes seguinte á entrada en vigor deste real decreto, a Liga Nacional de Fútbol Profesional aboará á Real Federación Española de Fútbol e ao Consello Superior de Deportes as cantidades retidas aos clubs e entidades participantes no Campionato Nacional de Liga na liquidación dos ingresos correspondentes á temporada 2016-2017, co fin de que estes cumpran coas obrigas previstas nas letras c), d) e e) do artigo 6.1 do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril. No caso das achegas das letras d) e e), a porcentaxe será do 1 por 100 e do 0,5 por 100 respectivamente.

A Real Federación Española de Fútbol e o Consello Superior de Deportes poderán aplicar as ditas cantidades ás finalidades previstas no mencionado artigo 6, que correspondan aos períodos de devindicación das ditas cantidades.

2. As achegas polos ingresos da temporada 2017-2018 para cumprir con obrigas previstas nas letras c), d) e e) do mencionado artigo 6.1 aboaraas a Liga Nacional de Fútbol Profesional á Real Federación Española de Fútbol e ao Consello Superior de Deportes segundo o disposto neste real decreto. Non obstante, o informe da Liga Nacional

de Fútbol Profesional previsto no artigo 2.4 para a realización dos pagamentos á conta trasladarase ao Consello Superior de Deportes no prazo de quince días desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento.*

Modifícase a redacción da letra b) do artigo 13.3 do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, que queda redactado como segue:

«b) A solicitude de subscripción do convenio especial deberá realizarse dentro do período en que o solicitante teña a condición de deportista de alto nivel e terá efectos desde o día da súa presentación».

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro das competencias reservadas ao Estado polos ordinais 6.º, en canto se refire á regulación dos aspectos relacionados coas funcións de arbitraje atribuídas ao Consello Superior de Deportes, e 13.º e 27.º do artigo 149.1 da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Habílitate o ministro de Educación, Cultura e Deporte para adoptar, no ámbito das súas competencias, cantas medidas resulten necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xaneiro de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,  
ÍÑIGO MÉNDEZ DE VIGO Y MONTOJO